

LIBROS VIVINTES



DESTINO MINDEN

SUMA
ÁGORA

Sempre falaba en alemán, incluso con meu irmán na casa era o idioma no que mellor me expresaba, así é que fixen moitos amigos e amigas de alá, pero tamén turcos, gregos, italianos, tunesinos e, por suposto, españois.

Daquela para min nada era imposible, sentíame integrada e integradora e chamábame moito a atención a mentalidade que a comunidade española tiña con respecto ás mulleres xermanas, por exemplo, que eran vistas como unhas "putas" por cousas tan naturais que hoxe non serían motivo de conversa.



Sempre falaba en alemán, incluso con meu irmán na casa era o idioma no que mellor me expresaba, así é que fixen moitos amigos e amigas de alá, pero tamén turcos, gregos, italianos, tunesinos e, por suposto, españois.

Daquela para min nada era imposible, sentíame integrada e integradora e chamábame moito a atención a mentalidade que a comunidade española tiña con respecto ás mulleres xermanas, por exemplo, que eran vistas como unhas "putas" por cousas tan naturais que hoxe non serían motivo de conversa.

A miña historia comeza en África.

Ceguei ao mundo en Tánxer. Meu pai sempre estivo tolo por viaxar, era un aventureiro incansábel ademais de xastre e deseñador de moda. Nacera en Puertollano (Cidade Real) nos anos trinta do pasado século e cando foi chamado a filas decidiu a través dun troco casual mudar o seu fado. Intercambiou cun compañeiro ticket de destino e rematou o seu atrevemento no continente africano.

De miña nai dicir que era natural do pobo de Larache, no noroeste de Marrocos, falaba un perfecto francés e era unha muller formada e moderna para a súa época. Sempre comparei moito a vida que levaba alí coa protagonista de "O tempo entre costuras" de María Dueñas, porque miraba os seus álbums de fotos e desmaiábame cos vestidos, cos traxes e zapatos propios de actrices de películas e co tipo de vida que tiña. Casou con trinta e seis anos porque penso nunca precisou o matrimonio para nada; desde os dezaseis traballaba de dependenta nunha tenda rexentada por un francés e todas as fins de semana viaxaba coas amigas a Tetuán, Melilla... Lembro a súa primeira viaxe en avioneta acompañando á filla dun xefe francés a Sevilla, era o ano 1939 e as turbulencias polas que tivo que pasar compensaban a vida fermosa e acomodada que levaba.

E nese contexto coñecéronse meus pais, pero co remate do protectorado español de Marrocos a familia viuse obrigada a deixar Tánxer e dirixirse a Madrid. A maior parte das pertenzas fóronnos confiscadas na aduana e quedamos en situación de fragilidade como resultado do precario da vida na capital. O estímulo de meu pai por mellorar a situación levounos a Alemaña nun momento, despois da Segunda Guerra Mundial, onde eran moitas as chamadas que facían desde o país para nutrir de traballadores e traballadoras as empresas xermanas.

Aterraxe en Minden

Descubrín esta pequena cidade alemá con seis anos, recordo claramente os tres primeiros meses nunha gardería renana do norte-westfalia para logo entrar nunha escola católica. A miña aprendizaxe do idioma foi bastante fluída e case sen dar-me conta fun consciente de que entendía a todo o mundo. A partires dese momento e con só sete anos comecei a traducir para toda a comunidade de españois que alí residía. Naquel momento eramos oitocentas persoas de orixe hispana e convertínme nunha xestora de sete anos acompañando a familias ao médico para interpretar diagnoses, facendo de tradutora no xulgado para tramitar documentación e, desde os dez aos catorce, apoiando todas as xestións que como presidente da comunidade española na cidade desenvolvía meu pai.

Sempre falaba en alemán, incluso con meu irmán na casa era o idioma no que mellor me expresaba, así é que fixen moitos amigos e amigas de alá, pero tamén turcos, gregos, italianos, tunesinos e, por suposto, españois. Daquela para min nada era imposible, sentíame integrada e integradora e chamábame moito a atención a mentalidade que a comunidade española tiña con respecto ás mulleres xermanas, por exemplo, que eran vistas como unhas “putas” por cousas tan naturais que hoxe non serían motivo de conversa.

Esta colisión cultural-laboral-idiomática provocou dúcias de anécdotas que encheron o meu día a día durante anos. Como non lembrar a historia da apetitosa carne Chappi, a controvertida frase do peixe frito na fábrica, a discoteca do ático feita por nós ou o casco militar de miña nai para defenderse das compañeiras de traballo [...] Se eu vos contara [...] *Auf Wiedersehen. Die Daumen drücken: ich drücke dir die Daumen*